



CURSO 2023/2024

INSTRUCCIÓN PARA REALIZACIÓN DE AGRUPAMENTOS/REDISTRIBUCIÓN TEMPORAIS

1. As escolas infantís, **no caso de non cubrir a oferta das prazas autorizadas** segundo Permiso de Inicio de Actividade.- PIA, poderán realizar agrupamentos (0-2 e 0-3), **pola baixa demanda**.
2. Conforme o establecido no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á Infancia no seu artigo 27.2.:
 - A finalidade de realizar agrupacións segundo a normativa vixente é debido a que **non exista demanda suficiente** para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade.
3. Para a realización dos agrupamentos ou redistribucións temporais, deben cumprir os seguintes requisitos e condicións:
 - Que a escola infantil acredite que se ofertaron, no proceso da matrícula, todas as prazas autorizadas no Permiso de Inicio de Actividades -PIA. Se foron xa cubertas as prazas autorizadas nalgún dos niveis xa non se debe abrir novo prazo de matrícula para ese nivel pensando en aumentalas coa configuración dun agrupamento 0-2 nunha unidade 0-1 ou un agrupamento 0-3 (1-3 anos) na unidade 1-2.
 - A redución ou aumento de prazas calcúlase sobre a totalidade de prazas autorizadas segundo PIA. Hay que diferenciar prazas autorizadas de alumnado matriculado.
 - Que na/s aula/s nas que se vai a levar a cabo a devandita agrupación/redistribución temporal conta/n coas características e co equipamento previsto no Decreto 329/2005 para eses rangos de idade, en especial as referidas a hixiene e descanso.
 - Que os agrupamentos ou redistribucións do centro respecten as ratios establecidas no citado Decreto:
 - *Grupos formados por nenos/as de ata 2 anos de idade: 1/10.*
 - *Grupos formados por nenos/as de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15.*



- Que na agrupación 0-3 realizárase a atención educativa, exclusivamente, con alumnado de 1 a 3 anos, (recoméndase pedagoxicamente e co fin de manter grupos homoxéneos en idade).
 - Só se pode redistribuír a escola cunha agrupación 0-2 na unidade 1-2 ou 0-3 (1-3 anos) se queda situada na unidade 2-3 xa que son os supostos nos que se reducen prazas na totalidade das autorizadas segundo PIA. Igualmente pódese dar a mesma circunstancia de redución de prazas se se agrupa unha 0-2 nunha 0-1 e se realiza a atención educativa cunha 0-3 (1-3 anos) nunha 2-3, neste suposto estase igualmente a reducir a totalidade de prazas.
 - A unidade da agrupación 0-2 só se poderá situar na unidade 1-2 sempre que conte coas características e co equipamento preciso de hixiene e descanso para atender a nenos/as comprendidos no rango de idade ao que se destina cada unha das aulas co compromiso de que os anteditos requisitos se manteñan durante o período de tempo inherente á agrupación/redistribución.
 - Se nunha unidade hai exclusivamente nenos/as de 0-1 e 1-2 anos, non se pode utilizar a agrupación 0-3, ten que utilizarse a agrupación 0-2 con 10 prazas. Nas agrupacións 0-2 e 0-3 (1-3 anos) sempre haberá nenos e nenas deses tramos de idade respectando as ratios para cada tramo de idade. É dicir nunha agrupación 0-2 non poderá haber mais de 8 nenos e nenas de 0-1 anos e na agrupación 0-3, é para traballar exclusivamente con alumnado de 1-3 anos, non poderá haber mais de 13 nenos/as de 1-2 anos.
 - Deberán sempre sinalar no RUEPSS as aulas que non estean en funcionamento eliminándoas na pestana “borrar”. Se durante o curso se abiran, pola demanda, ditas unidades/aulas volverán a detallarse sinalando o número de prazas autorizadas.
4. Por outra banda, **non se poderán rebaixar** o número de prazas autorizadas de cada unidade, (coa finalidade de non aumentar a totalidade de prazas).O centro conta cun número de prazas autorizadas independentemente de que o alumnado matriculado sexa inferior. Aínda que o alumnado matriculado sexa inferior ás prazas autorizadas nalgúns dos tramos de idade, ante a proposta dunha agrupación pode supoñer un aumento de prazas como pode ser o caso de traballar cunha agrupación 0-2 nunha unidade 0-1, isto suporía un aumento de 2 prazas (pasaría de 8 a 10 prazas). Igualmente podería supoñer un aumento de prazas, o



traballar nunha 1-2 cunha agrupación 0-3 (para 1-3 anos) pasando de 13 a 15 prazas (aumento de 2 prazas). De feito pódese dar a circunstancia de contar con mais alumnado que prazas xa que se están a combinar quedas de cada alumno/a (sae un/unha neno/a e entra outro)

Se cumpren as anteriores condicións e os agrupamentos/redistribucións da escola supoñen unha diminución de prazas con respecto a totalidade de prazas autorizadas segundo PIA, poderán acceder ao RUEPSS ao apartado PRAZAS/CONFIGURACIÓN PRAZAS NO CURSO ACTUAL e incorporar directamente os agrupamentos/distribucións temporais das aulas.

Os agrupamentos/redistribucións temporais entrarán en vigor, dende o momento no que se anoten no RUEPSS **ata o 31 de agosto de cada ano.**

Nas inspeccións verificarase, especialmente, o cumprimento das anteriores condicións.



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Política Social

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais

Servizo de Inspección de Familia e Menores

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
E-mail: inspeccion.familiaemenores@xunta.gal